CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado, como mínimo, comprende a estrutura dos debates e a intención do emisor neste tipo de textos.	PE	60
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora a forma e o contido dun debate, avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado, como mínimo, comprende o sentido global e a intención do emisor en diversos foros.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado, como mínimo, incorpora ós seus textos algún vocabulario sobre o tempo cronolóxico estudado na unidade.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado, como mínimo, formula xeneralizacións sobre a puntuación estudada na unidade, a partir da observación e transformación de enunciados.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, participa nun debate con certa fluidez e coherencia.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, participa en situacións orais formais facendo uso dalgunha estratexia de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora a forma e o contido dun foro, avaliando a idoneidade da canle utilizada.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado, como mínimo, redacta unha entrada nun foro, atendendo ó propósito e á canle utilizada.	TI	40
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa os propios textos de maneira guiada identificando algúns problemas de comprensión lectora.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, elabora un traballo de investigación guiado sobre algún autor da xeración Nós.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, selecciona información procedente de diversas fontes calibrando a súa fiabilidade e respectando a propiedade intelectual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, explica algunha interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de</li> </ul>

## Contidos

- calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística significativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

#### LINHAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega; por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Ademais, tratarase, na medida do posible, de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, débese ter en conta que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Terase isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconcepto nin na traxectoria académica do alumnado.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus

tempos e os seus espazos de reconñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos así como a través de programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Edixgal
Páxinas web (ogalego.eu, o Portal das Palabras, o Portal da Lingua Galega, Consello da Cultura Galega...).
Dicionarios, manuais e gramáticas (tanto físicos como dixitais).
Presentacións dixitais de elaboración propia.
Correctores ortográficos en liña.
Textos de interese para o alumnado.



Textos de contido transversal.
Libros de lectura obrigatoria: O misterio das badaladas, A balada do unicornio e Na fogueira dos versos.

Os alumnos e as alumnas disporán de cantos recursos e materiais se consideren adecuados para a aprendizaxe, así como dos materiais curriculares necesarios para poñer en práctica o proxecto pedagóxico do centro. Estes recursos e materiais poderán ser tanto dixitais como físicos.

O alumnado lerá de xeito autónomo os libros de lectura O misterio das badaladas e A balada do unicornio na 1ª e 2ª avaliación respectivamente. O libro Na fogueira dos versos lerase na aula ao longo do 3º trimestre.

A biblioteca do centro adquirirá varios exemplares dos libros de lectura obrigatoria no caso de non dispor deles. O alumnado tamén atopará na biblioteca material dixital e físico para poder realizar traballos de investigación, ampliar coñecementos ou resolver dúbidas relacionadas coa materia de Lingua Galega e Literatura.

Dentro dos materiais e recursos utilizados, atoparase todo o necesario para a atención á diversidade do alumnado, acudindo ao departamento de Orientación do centro en caso necesario.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial co fin de comprobar o punto de partida de cada grupo en xeral e de cada alumno/a en particular, adoptándose as medidas oportunas en caso de seren necesarias. Esta avaliación inicial constará de:

1. Observación na aula.
2. Cuestionario inicial de curso para coñecer a situación académica do alumnado, o seu emprego da lingua en diversas situacións, a propia visión da súa competencia oral e escrita en lingua galega, os puntos que considera máis complicados da materia...
3. Proba de nivel para comprobar os coñecementos previos do alumnado en relación co currículo de 2º ESO.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	40	40	<b>40</b>

#### Criterios de cualificación:

Ao longo do curso a avaliación será continua, formativa e sumativa e haberá tres avaliacións, ademais da final do mes de xuño.

En cada trimestre avaliaranse tres unidades, empregándose algúns dos seguintes procedementos e instrumentos para a obtención de información:

- Probas escritas.
- Probas orais.
- Observación na aula.
- Caderno de clase.
- Traballo individual ou en grupo.
- Outros procedementos que o profesorado considere apropiados.

#### PROBAS ESCRITAS

En cada trimestre, realizarase como mínimo unha proba escrita para poder avaliar os criterios marcados na programación con este instrumento de avaliación. Poderá realizarse unha ou máis probas escritas, dependendo do

número de criterios marcados nas unidades didácticas establecidas para o trimestre e do desenvolvemento da programación ao longo do mesmo.

As probas poderán conter preguntas do seguinte tipo:

- Preguntas de resposta curta ou resposta longa, ponderadas de acordo co establecido no punto 3.3. desta programación.
- Preguntas tipo test, ponderadas de acordo co establecido no punto 3.3. desta programación. Neste tipo de cuestións, as respostas incorrectas poderán baixar a puntuación.
- Preguntas de comprensión lectora, auditiva ou audiovisual. O alumnado deberá ler un texto, escoitalo ou ver un pequeno vídeo para responder unha serie de cuestións relacionadas con esa lectura, escoita e visionado. Ponderaranse tamén de acordo co establecido no punto 3.3 desta programación.

No caso de se realizaren varias probas escritas, farase media aritmética ou ponderada entre elas.

As faltas de ortografía, así como os erros morfosintácticos presentes nas probas escritas realizadas polo alumnado influirán na súa cualificación. Baixarase 0,1 décimas por cada erro, ata un máximo de 1 punto.

#### PROBAS ORAIS

Poderán ser de varios tipos:

- Intervencións planificadas con guións máis ou menos estruturados acorde ao nivel do alumnado e aos criterios de avaliación do punto 3.3 desta programación.
- Intervencións espontáneas en debates, diálogos, etc., que serán ponderadas de acordo co establecido no punto 3.3 desta programación.
- Producións propias de distinta tipoloxía que serán ponderadas de acordo co establecido no punto 3.3. desta programación.
- Intercambios orais cos alumnos e alumnas sobre cuestións relativas aos criterios de avaliación.

Valorarase o emprego dos elementos prosódicos e fonéticos correctos e o uso dun rexistro adecuado á situación comunicativa e ao nivel do alumnado. Realizaranse rúbricas para poder plasmar o grao de adquisición dos contidos avaliados con proba oral.

#### OBSERVACION NA AULA

Para conseguir a máxima puntuación prevista segundo o establecido no punto 3.3 desta programación, o alumnado deberá:

- Participar activamente contestando preguntas sobre os contidos vistos previamente, corrixindo as tarefas feitas na aula e/ou as que leva de deberes.
- Preguntar dúbidas, mostrar iniciativa e traballar adecuadamente.

A consecución do anterior implica estar en posesión do material necesario para traballar na aula todos os días.

Para a avaliación dos criterios de avaliación relacionados con este instrumento, o profesorado servirse das anotacións recollidas no seu caderno sobre cada alumno ou alumna ao longo do trimestre.

#### CADERNO DE CLASE

Para conseguir a máxima puntuación prevista segundo o establecido no punto 3.3. desta programación, o alumnado deberá:

- Coidar a presentación, a caligrafía e a organización.
- Non cometer ou corrixir (en caso de cometelos) erros ortográficos, morfolóxicos, de cohesión e de coherencia.
- Recoller no caderno a resolución de exercicios, redaccións, esquemas, resumos, textos de diferentes tipoloxía e actividades de calquera tipo traballados ao longo do trimestre.

Realizaranse rúbricas para poder plasmar o grao de adquisición dos contidos avaliados a través do caderno, de ser o caso.

#### TRABALLO INDIVIDUAL

Para conseguir a máxima puntuación prevista segundo o establecido no punto 3.3 desta programación, o alumnado deberá:

- Atender ás instrucións e seguir os pasos indicados polo profesorado para realizar o traballo e para mellorar progresivamente na busca autónoma de información (fontes orais, escritas e dixitais), na síntese de datos obtidos e na resposta acertada ás cuestións propostas de acordo cos criterios de avaliación.

• Respectar a corrección lingüística, a presentación no prazo establecido e o emprego responsable das TIC e doutros recursos empregados.

Realizaranse rúbricas para poder plasmar o grao de adquisición dos contidos avaliados a través do traballo individual.

#### TRABALLO EN GRUPO

Para conseguir a máxima puntuación prevista segundo o establecido no punto 3.3 desta programación, o alumnado

deberá:

- Atender ás instrucións e seguir os pasos indicados polo profesorado para a realización do traballo, mellorando progresivamente na busca de información, na coordinación do grupo, no traballo colaborativo e na resposta acertada ás cuestións propostas de acordo cos criterios de avaliación.

- Respetar a corrección lingüística no produto final e a presentación no prazo establecido.

Realizaranse rúbricas para poder plasmar o grao de adquisición dos contidos avaliados a través do traballo en grupo.

#### LIBROS DE LECTURA

Polo que respecta aos libros de lectura, poderase dedicar tempo na aula á lectura das distintas obras ou poderá recomendarse a súa lectura autónoma fóra do horario lectivo. Ademais, a profesora poderá avaliar ao alumnado a través dos seguintes instrumentos:

a) Proba escrita na que se inclúan preguntas de comprensión e expresión relacionadas coa lectura. As preguntas serán ponderadas tendo en conta os criterios de avaliación e de acordo co establecido no punto 3.3 desta programación.

b) Traballo individual sobre un aspecto parcial ou global relacionado coa lectura. Para a avaliación do traballo individual realizarase unha rúbrica similar á seguinte que permita plasmar o grao de adquisición dos contidos avaliados:

De 0 a 2: Non leu ou non comprendeu a obra e non expón, con coherencia, adecuación e corrección aspectos relacionados con ela.

De 3 a 5: Non leu ou non comprendeu totalmente a obra e expón, con mínima coherencia, adecuación e corrección aspectos relacionados con ela.

De 5 a 7: Leu e comprendeu suficientemente a obra e expón, con suficiente coherencia, adecuación e corrección aspectos relacionados con ela.

De 8 a 10: Leu e comprendeu a obra na súa totalidade e expón, con coherencia, adecuación e corrección aspectos relacionados con ela.

A cualificación de cada un dos trimestres distribuirase da seguinte maneira:

- Probas escritas: 60%

- Traballos, probas de lectura, actividades colaborativas, actividades individuais, probas de competencias orais e/ou escritas... avaliados mediante táboas de indicadores 40%

Para que o alumnado consiga un aprobado na materia deberá sumar unha puntuación total de 4,75 ou superior en cada trimestre.

No caso de que consiga aprobar cunha nota non exacta a suba á puntuación superior será a partir das 0,75 deíximas. Por exemplo, entre 6 e 7, subirase a 7 a partir do 6,75.

Para a nota final do curso farase media aritmética dos tres trimestres, tendo en conta a nota real conseguida en cada un polo alumnado, non o redondeo.

Para poder superar a materia unha vez realizadas as tres avaliacións, a media das mesmas debe ser igual ou superior a 4,75 puntos. En caso de non alcanzarse unha puntuación igual ou superior a 4,75 o alumnado terá dereito a unha proba escrita individualizada na avaliación final de xuño.

#### **Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado, formativo e sumativo da materia, unha cualificación negativa no 1º trimestre, poderá ser recuperado conseguindo unhas notas superiores nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetición de probas.

O alumnado que non consiga aprobar a materia unha vez realizadas as tres avaliacións, realizará unha proba escrita individualizada na avaliación final de xuño.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Realizarase un seguimento e atenderase o alumnado de 2º ESO que teña a materia pendente de 1º ESO. Explicaráselles xa a principio de curso como se realizará o seguimento e a avaliación da materia pendente e recordaráselles que para resolver calquera dúbida ou atender calquera consulta sobre a materia pendente o alumnado disporá en calquera momento da súa docente de referencia (durante as aulas ordinarias da materia), así como a asistir na hora do recreo de calquera xoves do curso (no departamento de Lingua galega e literatura) sempre que se avise con anterioridade da asistencia a dita reunión para tratar dúbidas ou calquera outro aspecto que precise de aclaración.

O seguimento e a avaliación farase por trimestres. En cada un deles o alumno ou a alumna deberá entregar un

boletín de actividades que lle ofrecerá previamente a profesora encargada de supervisar o seguimento da materia pendente e terá que realizar unha proba escrita por trimestre con exercicios similares aos dos boletíns.

Os boletíns de actividades entregaránselle ao principio de cada trimestre e neles indicaráselles a data de entrega. Estas actividades serán similares ás traballadas no curso anterior, estarán adaptadas ás características específicas dos alumnos e alumnas e contribuirán a reforzar aqueles aspectos nos que presenten maiores dificultades. Seleccionaranse tendo en conta os contidos mínimos esixibles e incluirán:

1. Actividades para afianzar a ortografía do alumnado.
2. Elaboración de textos propios que permitan o repaso das características principais dos diversos tipos de texto.
3. Análise formal dos diversos tipos de texto estudados durante o curso pendente.
4. Recoñecemento e uso das principais relacións semánticas entre as palabras.
5. Actividades para traballar a análise sintáctica e a clasificación de oracións.
6. Actividades para repasar o vocabulario estudado no curso pendente.
7. Actividades para repasar os contidos literarios estudados durante o curso pendente.
8. Actividades para repasar as categorías gramaticais estudadas durante o curso pendente.

No caso de que o alumnado non entregue os boletíns seguirá tendo dereito á asistencia á proba escrita trimestral.

Os criterios de cualificación en cada un dos trimestres serán os seguintes:

a. Se o alumnado entrega os boletíns e se presenta ás probas pertinentes, as porcentaxes correspondentes son:

40% para o boletín de actividades entregado cada trimestre.

60% para a proba escrita de cada trimestre.

b. Se o alumnado non entrega os boletíns de actividades e só se presenta ás probas obrigatorias a porcentaxe será: 100% para a proba escrita de cada trimestre.

Se o alumnado non aproba a materia ao longo do curso, poderá recuperar na avaliación final de xuño. Para iso volveránselle ofrecer os boletíns que deba recuperar de maneira individualizada e terá que realizar unha proba daquilo que necesite recuperar de maneira individual, manténdose as porcentaxes indicadas con anterioridade.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para atender a diversidade adoptaranse as medidas ordinarias ou habituais como o reforzo educativo, así como as extraordinarias como as adaptacións curriculares, todas elas de precisarse e previa recomendación e colaboración co departamento de Orientación. Esta estratexia metodolóxica aplicarase co obxectivo de satisfacer as necesidades educativas que presente un alumno ou unha alumna concreto ou un determinado grupo de alumnos e alumnas no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Adaptarase o currículo ás necesidades de cada persoa para que o alumnado que o necesite alcance os mínimos de consecución dos criterios establecidos nesta programación.

O reforzo educativo será:

- 1) De carácter asistemático.
- 2) De aplicación puntual.
- 3) Con finalidade positiva.
- 4) Con intencións motivadoras.
- 5) Como reforzo para adquirir calquera tipo de contido.
- 6) Variable en tempo e intensidade.

Para adecuar o ensino á aprendizaxe e para facer compatibles a atención ordinaria e a atención á diversidade, poderán propoñerse novas actividades, diferenciadas entre as de ampliación e as de reforzo, que figuran nos materiais didácticos de uso do profesorado, e que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do alumnado para decidir cales, en que momento e como se van desenvolver, xa que non todas son igualmente válidas para todos e todas as estudantes. O traballo da ortografía, do léxico, da gramática, da comprensión lectora etc., con novos textos e actividades graduadas permite incidir nos contidos que máis se necesiten en cada caso.

Á parte disto, o profesorado poderá programar outras actividades e exercicios similares aos traballados na aula, adaptándoos ás características específicas de cada alumno/a. Reforzaranse aqueles aspectos nos que presenten maiores dificultades.

As actividades propostas serán do seguinte tipo:

- Actividades para afianzar a ortografía.
- Actividades que permitan traballar os aspectos gramaticais da lingua galega que presenten maior problema para o alumnado.
- Elaboración de textos propios.
- Actividades de vocabulario.
- Elaboración de textos adaptados ás distintas propiedades textuais.

- Actividades para fixar os contidos literarios do curso.

Para o alumnado que precise unha medida máis alá do reforzo educativo, elaboraranse as adaptacións curriculares precisas en coordinación co departamento de Orientación

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
	UD 9							

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrega de premios do programa Atrévete a ter unha idea.	Con motivo de contar entre o alumnado de 2º ESO con algunhas das alumnas premiadas neste programa durante o curso pasado, o alumnado asistirá ao acto oficial de entrega dos premios en Santiago.	X		
Obradoiro impartido por Raquel Queizás	A dramaturga e contacontos Raquel Queizás impartirá un obradoiro sobre unha escritora galega contemporánea. A actividade conta cunhas intervencións na aula previas á visita de Raquel Queizás para crear expectativa entre o alumnado.	X		
Contacontos Samaín	O alumnado asistirá a unha sesión de contacontos acorde coa data celebrada.	X		
Día das Letras Galegas	O alumnado participará nas actividades organizadas no centro para homenaxear a Luísa Villalta, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas.			X
Apradiñamento lector coa escola de Aralde-Sobrán (Vilagarcía de Arousa)	Organizaranse actividades de convivencia entre alumnado de 2º ESO e alumnado da escola de Aralde-Sobrán (envío de cartas, xogos populares, visita á escola para contar contos cun obradoiro previo de contacontos..).	X	X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Deseño actividades para determinar os coñecementos previos do alumnado en cada unidade.

Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar no desenvolvemento das explicacións ou actividades propostas.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades que atendan á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación ao alumnado que o precise.
Emprego distintos instrumentos e procedementos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
Proporciono información ao alumnado sobre as actividades e proxectos propostos, ofrecéndolles pautas para mellorar.
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Presento actividades individuais ou grupais encamiñadas á consecución dos obxectivos.
Outros
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

### Descrición:

No final de cada trimestre, analizarase o desenvolvemento deste indicadores con "sempre", ás veces" ou "nunca". Revisarase tamén se deu tempo a tratar todos os contidos establecidos para esa avaliación. No caso de non ser así, analizaranse as causas e tentarase, na medida do posible, mellorar ese aspecto para o seguinte trimestre. De igual xeito, estudarase a porcentaxe de suspensos en cada grupo e actuarase naqueles casos nos que esa porcentaxe resulte elevada. Igualmente será analizado o éxito ou non das medidas de atención á diversidade aplicadas. Por último, realizarase unha análise final ao rematar o curso, sendo recollida na memoria do departamento.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento principal para a avaliación da propia programación serán as reunións periódicas entre o profesorado que imparte a materia de Lingua Galega e Literatura e das que se darán conta nas actas mensuais do departamento. Nestas reunións trataranse os problemas que vaian xurdindo no desenvolvemento da programación relacionados cos contidos, cos obxectivos, coa metodoloxía empregada, cos mecanismos de cualificación... A todos os posibles problemas tratarase de darlles solución no momento en que xurdan. Nas actas mensuais do departamento quedarán recollidos estes posibles problemas xunto coas suxestións para a súa resolución.

No final de cada trimestre tamén se analizará o desenvolvemento da programación, revisarase se deu tempo a tratar todos os contidos establecidos para esa avaliación, analizaranse os resultados obtidos así como as medidas de atención á diversidade aplicadas e todos aqueles aspectos que sexan pertinentes destacar de cada grupo. Ademais, sempre se tentará, na medida do posible, achegar propostas de melloras para os seguintes trimestres.

Por último, realizarase unha análise final ao rematar o curso. Esta análise será recollida na memoria do departamento e contará cos seguintes aspectos:

1. Grao de consecución dos obxectivos.

2. Análise dos obxectivos que presentaron máis problemas para o alumnado.
3. Contidos que non deu tempo a traballar xunto coas causas.
4. Porcentaxes de suspensos xunto coa reflexión das causas deses resultados.
5. Realización das actividades complementarias programadas.
6. Adecuación dos libros de lectura obrigatoria escollidos.
7. Adecuación da metodoloxía empregada.
8. Adecuación dos criterios de avaliación e de cualificación empregados.
9. Emprego das novas tecnoloxías.

Nos aspectos nos que se detecte algún problema, achegaranse medidas para a súa mellora de cara ao seguinte curso.

## **9. Outros apartados**